



¿REPASAMOS UN POUCO? 😊

Unha **sílaba** é un conxunto de sons que se pronuncian xuntos nun mesmo golpe de voz.

As palabras están formadas por sílabas. Segundo o número de sílabas que teñan poden ser: **monosílabas**, **bisílabas**, **trisílabas** e **polisílabas**.

- **Separa as seguintes palabras en sílabas e clasifícaaas segundo o número de sílabas. Engade dous exemplos a cada unha.**

cartolina

estrela

margarida

nube

casa

ordenador

lapis

cadela

boca

caramelo

cadeira

bágoa

A sílaba que soa máis forte nunha palabra é a **sílaba tónica**. As demais sílabas da palabra son **sílabas átonas**. Por exemplo: *xi – GAN – te*

A sílaba tónica dunha palabra é a que pronunciamos con máis intensidade, por iso dicimos que sobre ela recae o **acento**. Ás veces, o acento dunha palabra márcase cun signo chamado **til** ou **acento gráfico**. Por exemplo: *bá – go – a*

- **Estas palabras deben levar til na sílaba tónica. Escríbeas correctamente.**

camara

vozarron

melon

bretema

cafe

piramide

dificil

plastico

furan

lucecu